

PROCESO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE DELCARACIÓN DE INTERES E DE INTERCAMBIO DE DOCUMENTOS

A presentación de solicitudes iniciase cunha primeira fase chamada **declaración de interese** en participar no procedemento de selección de axudas posdoutorais na que a USC establece un prazo para esta primeira fase ata o 29 de febreiro de 2024 ás 23:59.

Tal e como establece o artigo 2 da convocatoria, **os beneficiarios destas axudas serán as Universidades do SUG** no que se atopa entre outras a USC. A Universidade presentará como persoa candidata a ser destinataria desta axuda a aquelas persoas que cumpran na data de peche de convocatoria os requisitos que veñen recollidos na convocatoria

Para iso a USC estableceu un procedemento para intercambiar documentos necesarios que a Entidade debe achegar ás persoas candidatas co fin de realizar a súa presentación na Sede Electrónica da Xunta de Galicia:



INTERCAMBIO DE DOCUMENTOS

A persoa candidata, para poder acceder á páxina de intercambio de documentación é necesario estar rexistrada como usuaria en Xacus no caso de que nunca se rexistrara. No caso de que se rexistrara para outras convocatorias pode recuperar o seu contrasinal que lle será enviado ao correo electrónico co que realizara o seu rexistro inicial.

Comunicarémolle ao interesado, que a través da plataforma Xacus no enlace de intercambio de documentos, que ten dispoñible o documento relativo a **certificado contrato** indicado na convocatoria (**art. 6.1 h**) necesario para achégalo á Sede da Xunta de Galicia.

Ir á páxina web de Xacus

<https://www3.usc.es/riaidt/Xacus/Home>



No caso de non ter iniciada sesión pediránselle as súas credenciais.

Aparecerán en **cor verde** aqueles documentos que dende a Vicerreitoría de Política Científica se acheguen ás persoas candidatas para que os podan subir á SEDE electrónica da Xunta de Galicia. As persoas candidatas recibirán un correo electrónico da Vicerreitoría no que se lles indicará que teñen a súa disposición o documento ou documentos para a súa descarga, e así proceder a súa presentación na Sede Electrónica da Xunta.

Rematado o proceso de presentación das solicitudes das persoas candidatas na Sede Electrónica da Xunta achegaremos a través de XACUS o xustificante da vosa solicitude así como a solicitude de presentación na SEDE, chegado o momento recibiredes un correo electrónico de aviso.